

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CULTURA LUSÓFONA

MATERIA DE LIBRE CONFIGURACIÓN 2º DE ESO

CPI DO TOURAL

VILABOA

Curso 2022-2023

| | |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------|
| 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN..... | 3 |
| 1.1 Contextualización..... | 4 |
| 2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE..... | 4 |
| 2.1 Perfil competencial da área de Cultura Lusófona..... | 6 |
| 3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO ESTABLECIDOS POLO DOCENTE..... | 6 |
| 3.1 Obxectivos xerais..... | 6 |
| 3.2. Obxectivos específicos..... | 7 |
| 4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE..... | 7 |
| 5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA..... | 11 |
| 5.1 Estratexias metodolóxicas xerais..... | 12 |
| 5.2 Proposta de actividades..... | 12 |
| 6. METODOLOXÍA DE TRABALLO NO SUPOSTO DE ENSINO A DISTANCIA..... | 12 |
| 7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS..... | 13 |
| 8. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO | 13 |
| 9. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE | 15 |
| 10. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR EN CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS | 17 |
| 11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE | 17 |
| 12. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO | 18 |
| 13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS... | 19 |
| 14. MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA | 19 |

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A aplicación da LOMCE contempla en 2º curso de ESO a dedicación de 1 hora semanal a unha materia de libre configuración do centro, que se pode dedicar ou ben ao afondamento e/ou reforzo dalgunha das materias do currículo ou a unha materia determinada polo centro, segundo o seu proxecto educativo e previa autorización da consellaría competente en materia educativa. (Artigo 12, apartado 4).

A materia de libre configuración *Cultura Lusófona* ten como finalidade fundamental que o alumnado poida utilizar o coñecemento da súa lingua propia, o galego, para se achegar a unha lingua moi próxima e de ampla implantación no mundo como é o portugués, ampliando así as súas posibilidades de comunicación nun mundo globalizado. Outra finalidade fundamental é o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, que debe posibilitar a súa interacción adecuada en situacións comunicativas habituais e diversas.

Preténdese achegar o alumnado, a partir de manifestacións culturais diversas coma a música ou a literatura, á diversidade de persoas que se expresan no mundo en portugués: Brasil, Angola, Cabo Verde, Portugal, Macau, Mozambique, etc.

Alén de introducir o alumnado no coñecemento dunha ampla comunidade lingüística, a materia servirá para prestixiar e normalizar a propia lingua, toda vez que entra en contacto cun amplo e diferente universo mais cunha orixe común.

Temos en conta que se trata de alumnado que nunca estudou Lingua Portuguesa: alumnas e alumnos que parten do descoñecemento case total desta lingua, o que ha de considerarse á hora de formular obxectivos e actividades, así como a reducida carga lectiva dunha hora semanal. Porén, constitúe unha fortaleza o coñecemento da lingua galega do alumnado, circunstancia claramente favorable para poderen realizar progresos relativamente rápidos nesta lingua, sobre todo nos aspectos do dominio pasivo.

Daquela, a materia debe estar orientada cara aos seguintes aspectos:

- A adquisición de coñecementos básicos do idioma portugués.
- A capacidade para interaccionar adecuadamente en diferentes situacións comunicativas mediante o emprego de mensaxes orais e escritas.
- A comprensión da realidade lingüística da lusofonía, adoptando unha actitude de aprecio e sensibilidade cara á lingua portuguesa.

Asemade, mediante o estudo do portugués, pretendemos que o alumnado adquira unha mellor competencia comunicativa tamén en galego, e que desenvolva unha maior tolerancia e unha competencia sociocultural libre de prexuizos negativos sobre Portugal e a identidade portuguesa.

En definitiva, a ESO debe favorecer o uso funcional da lingua como instrumento de comunicación oral e escrita e asemade o alumnado debe comprender e valorar a realidade plurilingüe en que nos movemos. A lectura debe ser un piar non só para o coñecemento senón tamén como fonte de goce estético e entretemento.

A aprendizaxe lingüística non se fai só nas aulas, senón que outros axentes, como os medios de

comunicación, a familia, os/as compañeiros/as e o profesorado doutras materias inciden na adquisición das habilidades comunicativas do alumnado. En calquera caso, hai que poñer especial atención na oralidade e nas competencias activas; aproveitar os recursos que ofrecen as tecnoloxías da información e da comunicación e mais fomentar a investigación en grupo e o traballo colaborativo do alumnado.

1.1 Contextualización

No CPI do Toural impártense as ensinanzas de Educación Infantil, Educación Primaria e Secundaria. O alumnado da zona sur (San Adrián de Cobres e Santa Cristina de Cobres) está escolarizado no *CRA de Vilaboa Consuelo González Martínez* e no *CEP Plurilingüe de Riomaior*, onde cursa ata 6º de Educación Primaria. Os alumnos de secundaria proceden de todo o concello, xa que este é o único centro educativo de Vilaboa que imparte a ESO.

Hai que salientar que a práctica totalidade do noso alumnado procede das zonas rurais próximas, o que conleva un nivel de competencia da lingua galega e unhas actitudes sociolingüísticas diferentes ás do medio máis urbano, mais non por iso menos castelanizadas. A situación do concello próximo á cidade de Pontevedra fai que a expansión do uso do castelán estea a ser máis pronunciada, ata o punto que alumnos de familias galego-falantes utilizan con exclusividade a lingua castelá, sobre todo en idades temperás. Este alumnado domina máis o rexistro do galego escrito e formal ca o do galego oral: é quen de escribir con bastante corrección pero ten moitas dificultades para se expresar oralmente con fluidez en galego.

Este dato relativo á contorna sociolingüística é fundamental, pois a aproximación á lingua portuguesa serviría para aumentar a competencia en lingua galega e ademais afondaría no carácter plurilingüe do centro.

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Para os efectos da programación LOMCE na materia de libre configuración, as competencias clave do currículo serán as seguintes:

- a) Comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia dixital (CD).
- c) Aprender a aprender (CAA).
- d) Competencias sociais e cívicas (CSC).
- e) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- f) Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Na materia de *Cultura Lusófona* potenciarase o desenvolvemento da **Competencia de comunicación lingüística**. Esta competencia refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita.

Hai outras competencias básicas coas que garda unha relación moi estreita. Así sucede coas **Competencias sociais e cívicas (CSC)**. Débese facilitar, a través do traballo con diferentes tipos de

textos e situacións de comunicación, a aproximación crítica á realidade da cultura lusófona.

En canto á **Competencia dixital (CD)**, a súa relación coa materia serve para aprender a utilizar unha serie de ferramentas que hoxe en día se presentan en soportes variados e que lles permitirán ás alumnas e aos alumnos obter información e mellorar as súas habilidades, desde as máis estritamente lingüísticas ata as relacionadas coa materia dun xeito menos exclusivo .

Para unha adquisición eficaz da competencia en **Conciencia e expresións culturais (CCEC)** o alumnado debe ser quen de expresar sentimentos, emocións, ideas e valorar as manifestacións artísticas como fonte de enriquecemento, considerándoas como parte do patrimonio dos pobos. Nesta área, isto concrétase sobre todo no ámbito literario, na música, nos exemplos audiovisuais e tamén no coñecemento e valoración da riqueza cultural que supón a diversidade lingüística.

En canto á **Competencia para aprender a aprender (CAA)**, desenvólvese ao contribuír a linguaxe á estruturación do pensamento e ao control da aprendizaxe; en concreto, ao perfeccionar a lectura comprensiva, a interpretación das informacións lingüísticas, etc. Tamén contribuírá decisivamente ao valorar as expresións culturais en xeral como fonte de enriquecemento propio.

O **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)** promóvese co contacto activo e continuo con distintos espazos de comunicación: a intervención en situacións reais ou simuladas; a lectura de textos de diferente tipoloxía, o uso progresivamente autónomo das TIC.

Así, a materia debe contribuír a:

1. Desenvolver a autoestima e a autoconfianza a través dos coñecementos, destrezas e actitudes propios destas competencias, que permiten expresar pensamentos, emocións, vivencias e opinións, así como dialogar, xerar ideas, estruturar coñecemento e gozar escoitando, lendo ou expresándose de forma oral / escrita.
2. Escoitar, expoñer e dialogar, o que implica ser consciente dos principais tipos de interacción verbal, ser progresivamente competente na expresión e comprensión das mensaxes orais que se intercambian en situacións comunicativas diversas e adaptar a comunicación ao contexto.
3. Conservar e mellorar a competencia comunicativa a través da lectura e escritura. Ler e escribir son accións que supoñen e reforzan as habilidades que permiten buscar, recompilar e procesar información, ser competente á hora de comprender, componse e utilizar distintos tipos de textos con intencións comunicativas ou creativas diversas.
4. Contribuír a favorecer a comunicación dentro da área lusófona. Isto significa poder comunicarse con falantes do ámbito lingüístico portugués, o que contribúe a enriquecer as relacións sociais e a desenvolverse en contextos distintos ao propio.

2.1 Perfil competencial da área de Cultura lusófona

Tras a análise das competencias que se traballan, sintetizamos na seguinte táboa o número de estándares que se traballan, así como a porcentaxe dedicada a cada competencia:

| Perfil competencial | |
|----------------------------------|---------------------------|
| Nº de estándares por competencia | |
| COMPETENCIAS | CULTURA LUSÓFONA (2º ESO) |
| CCL | 18- 27,27% |
| CMCCT | 0- 0% |
| CD | 15- 22,72 |
| CAA | 18- 27,27% |
| CSC | 2- 3,05% |
| CSIEE | 0-0% |
| CCEC | 13- 19,69% |
| Estándares Totais | 18-100% |

3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO ESTABLECIDOS POLO DOCENTE

Ao ser unha materia de unha soa sesión semanal, consideramos que os obxectivos deben ser terminais, isto é, ao final do 2º curso de ESO.

3.1. Obxectivos xerais

O obxectivo xeral é acadar un nivel básico nas competencias activas e pasivas da lingua. Este nivel supón empregar o idioma de maneira suficiente, receptiva e produtivamente, tanto na forma falada coma na escrita, en situacións cotiás que requiran comprender e producir textos breves, nunha variedade de lingua estándar, que versen sobre aspectos básicos concretos de temas xerais e que conteñan expresións, estruturas e léxico de uso frecuente.

Ademais é tamén fundamental o coñecemento e achegamento á realidade sociocultural portuguesa e lusófona en xeral. É importante coñecer algo da historia de Portugal, ese país absolutamente descoñecido para o alumnado, tanto a súa orixe como parte do Reino de Galicia como a súa aventura colonial. Tamén é fundamental un achegamento a Brasil, unha superpotencia emerxente, tomando pé nos elementos culturais cos que se dá a coñecer, como a música, a arte, a literatura, a historia, etc. Sen esquecer unha aproximación á realidade cultural e histórica dos demais países lusófonos espallados por Asia e África.

3.2. Obxectivos específicos

Bloque 1. Comprensión oral

Comprender o sentido xeral, a información esencial e os puntos principais de textos breves referidos a asuntos da vida cotiá –social ou persoal- ben estruturados, articulados a unha velocidade lenta e con claridade, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, nunha variedade de lingua estándar.

Bloque 2. Expresión e interacción oral

Producir textos orais breves, referidos a asuntos da vida cotiá, e comunicarse de forma comprensible, aínda que resulten evidentes o acento, as pausas e titubeos, e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación dos interlocutores para manter a comunicación.

Bloque 3. Comprensión e expresión escrita

Comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles relevantes en textos de temas actuais e xerais, de estrutura sinxela e clara, tanto nunha variedade de lingua formal coma informal.

Escribir textos de estrutura sinxela en soportes variados, referidos a asuntos diversos da vida cotiá de tipoloxía diversa .

Bloque 4. Aspectos socioculturais e consciencia intercultural

Recoñecer e valorar a lingua como instrumento de comunicación na aula e con persoas doutras culturas.

Identificar os costumes e trazos da vida cotiá propios doutros países e culturas onde se fala portugués, así como o coñecemento dalgúns trazos históricos e xeográficos dos países lusófonos, obtendo información por diferentes medios, nomeadamente, as TIC.

4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE

| Obxectivos | Cultura Lusófona 2º ESO | | | | Trans | Temp |
|------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------|-----------|------------|
| | Criterios de avaliación | Grao mínimo | Estándares de aprendizaxe | Com Clave | | |
| | Bloque 1. Comprensión Oral | | | | | |
| a c d i | B 1.1 Comprender informacións da vida cotiá sinxelas relativas a: nome, idade, gustos, presentacións, saúdos e peticións elementais. | B1.1 Comprende saúdos e peticións elementais. | B1.1 Comprende informacións da vida cotiá moi sinxelas sobre asuntos persoais (nome, idade, enderezo) de xeito pausado. | CCL CD CAA CCEC | CL TIC | 1ºT 2ºT |
| | B 1.2 Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, información esencial, ideas principais. | B1.2 Comprende o sentido xeral dun texto. | B1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (números, datas e prezos) e segue instrucións e consignas na aula. | CCL CAA CCEC | | |

| | B1.3 Comprender as informacións específicas e máis relevantes de mensaxes orais básicas (identificar persoas e lugares descritos cun vocabulario básico). | B1.3 Comprende o sentido global de mensaxes orais básicas. | B1.3 Comprende o sentido global e información relevante dos textos orais con estruturas traballadas na aula, léxico común procedente dos medios audiovisuais. | CCL CAA CCEC CD | CL TIC CAV | 1ºT 2ºT 3ºT |
|--------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------|-------------------------|-------------------|
| | B 1.4 Comprender a información esencial sobre temas cotiáns e habituais previamente traballados , relativos ao ámbito persoal. | B 1.4 Comprende a información esencial sobre temas habituais previamente traballados sempre que se fale con lentitude. | B1.4 Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa que traten sobre un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre ou a descrición básica dunha persoa ou obxecto. | CCL CAA CCEC CD | CL TIC | 1ºT 2ºT 3ºT |
| Bloque 2. Expresión e interacción oral | | | | | | |
| Obxectivos | Criterios de avaliación | Grao mínimo | Estándares de aprendizaxe | Com Clave | Trans | Temp |
| a c d i | B.2.1 Pronunciar de xeito intelixible, aínda con erros de pronuncia polo que as persoas teñan que solicitar repeticións. | B.2.1 Pronuncia de xeito intelixible. | B.2.1 Nas actividades de aula, amosa actitude positiva polo uso da lingua estanseira, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda. | CCL CAA CD CCEC | CL EOE TIC | 1ºT 2ºT 3ºT |
| | B 2.2 Interactuar de xeito sinxelo en intercambios estruturados, utilizando fórmulas básicas relativas a saúdos, despedidas, presentacións. | B. 2.2 Interactúa de xeito sinxelo empregando fórmulas básicas. | B 2.2 Fai e responde a preguntas sinxelas sobre si mesmo e actividades comúns da vida diaria e do tempo libre. | CCL CAA CCEC CD | CL EOE | 1ºT 2ºT |
| | B2.3 Intercambiar información sobre si mesmo e sobre accións habituais na vida diaria usando palabras e frases simples. | B2.3 Intercambia información usando palabras e frases simples memorizadas e facéndose comprender. | B2.3 Desenvólvese en situacións habituais nas que pide e dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos e actividades comúns para a súa idade. | CCL CAA CCEC CD | CL EOE TIC CAV | 2ºT 3ºT |
| | B2.4 Dar e obter información sobre datos básicos persoais (idade, residencia, familia, orixe, gustos, posesións) utilizando un repertorio básico de expresións sinxelas e habituais. | B2.4 Dá e obtén información sobre algúns datos básicos persoais. | B2.4 Preséntase, dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo e sobre gustos, preferencias e intereses relativos a temas cotiáns. | CCL CAA CCEC | CL EOE TIC CAV | 2ºT 3ºT |
| Bloque 3. Comprensión e expresión escrita | | | | | | |
| Obxectivos | Criterios de avaliación | Grao mínimo | Estándares de aprendizaxe | Com Clave | Trans | Temp |
| a c d | B3.1 Utilizar estratexias de lectura identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas. | B3.1 Identifica as ideas principais dun texto. | B.3.1 Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese. | CAA CCL CCEC CD | CL EOE TIC | 3ºT |
| | B.3.2 Comprender información relevante e | B.3.2 Comprende información en textos | B.3.2 Comprende información básica e sinxela | CCL | | |

| | | | | | | |
|----------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------|-------------------------|-------------------|
| i | previsible en textos breves, moi sinxelos e ben estruturados relativos a temas da propia experiencia. | breves e sinxelos. | na que se fala de si mesmo, gustos e temas cotiáns e propios da súa idade. | CAA CCEC | CL EOE TIC | 2ºT 3ºT |
| | B3.3 Comprender textos propios de situacións cotiás próximas como invitacións, felicitacións, avisos, billetes de transporte, entradas... | B3.3 Comprende a información relevante en textos de uso habitual. | B3.3 Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios e listas de prezos. | CCL CAA CCEC CD | | 2ºT 3ºT |
| | B.3.4 Aplicar estratexias básicas para producir textos (finalidade do escrito, destinatario, planificación, redacción borrador) a partir de modelos moi estruturados. | B3.4. Produce textos sinxelos seguindo un modelo previamente planificado. | B.3.4 Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente para transmitir información. | CCL CD CAA CCEC | CL EOE TIC | 2ºT 3ºT |
| | B.3.5 Completar documentos moi básicos onde se solicite información persoal. | B3.5. Completa documentos seguindo un modelo. | B3.5 Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica relativa a datos persoais e intereses ou afeccións. | CCL CD CAA | CL EOE TIC | 2ºT |
| | B 3.6 Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e nivel escolar en soporte impreso ou dixital. | B3.6. Produce textos seguindo un modelo segundo a súa idade e nivel escolar. | B3.6 Escribe correspondencia breve e sinxela, a partir dun modelo tanto de forma manuscrita como dixital. | CCL CD CAA CCEC | CL EOE TIC | 3ºT |
| Bloque 4. Aspectos socioculturais e consciencia intercultural | | | | | | |
| Obxectivos | Criterios de avaliación | Grao mínimo | Estándares de aprendizaxe | Com Clave | Trans | Temp |
| a c d e h i l n | B4.1 Coñecer os principais países que conforman a comunidade lusófona. | B4.1 Coñece os principais países que conforman a comunidade lusófona. | B4.1.1 Coñece os principais países en que se fala portugués. | CCL CAA CCEC CSC | CL TIC CAV ECC | 1ºT 2ºT |
| | B4.2 Comprender as orixes comúns do galego e do portugués e o devir histórico de cada un deles. | B4.2. Comprende as orixes comúns do galego e do portugués e o devir histórico de cada un deles. | B4.2.1 Coñece as orixes comúns do galego e do portugués e as súas semellanzas e diferenzas. B4.2.2 Valora o coñecemento da lingua propia de Galicia para achegarse a unha comunidade lingüística máis ampla. | CCL CAA CSC CCEC | CL TIC ECC | 1ºT 2ºT 3ºT |
| | B4.3 Coñecer e valorar aspectos xeográficos e histórico-culturais básicos de Portugal. | B 4.3. Coñece e valora aspectos xeográficos e histórico-culturais básicos de Portugal. | B4.3.1 Coñece a xeografía dos países de fala portuguesa. B.4.3.2 Coñece e valora os trazos fundamentais da | CCL CAA CCEC CD | CL TIC CAV | 1ºT 2ºT 3ºT |

| | | | | | |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------|------------------|-------------|
| | | historia de Portugal e doutros países con historia común. B4.3.3 Recoñece e respecta os signos de identidade dos diferentes países de lingua portuguesa (himno, bandeira). | CSC | | |
| B4.4 Coñecer e valorar as distintas manifestacións culturais dos países de lingua portuguesa: música, audiovisual, folclores, literatura, arte. | B4.4 Coñece e valora as distintas manifestacións culturais dos países de lingua portuguesa: música, audiovisual, folclores, literatura, arte. | B.4.4.1 Coñece e valora diferentes mostras artísticas do mundo lusófono no eido musical. B.4.4.2 Coñece e valora autores e obras en lingua portuguesa. B.4.4.3 Coñece e valora outras manifestacións artísticas nos diferentes países de cultura lusófona. | CCL CAA CCEC CD CSC | CL TIC CAV | 2ª T 3ºT |

CLAVES

Obxectivos da ESO:

a:Asumir deberes e dereitos. Practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade, afianzando os dereitos humanos e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b:Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo.

c:Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos entre eles.

d:Fortalecer as capacidades afectivas, así como rexeitar a violencia, os prexuizos e os comportamentos sexistas.

e:Desenvolver destrezas na utilización das fontes de información. Adquirir unha preparación básica no campo da tecnoloxía.

f:Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos campos do coñecemento e da experiencia.

g:Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a capacidade para aprender a aprender, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h:Comprender e expresar mensaxes.

i:Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras.

l:Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura, da historia e do patrimonio artístico.

m:Afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais. Incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Valorar os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o medio ambiente...

n:Apreciar a creación e as manifestacións artísticas.

ñ: Coñecer e valorar o patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia e respectar a diversidade lingüística e cultural dos pobos e das persoas.

o:Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como sinal de identidade e como medio de relación que permite a comunicación coa comunidade lusófona.

Competencias Clave:

CCL: Comunicación lingüística
CAA: Aprender a aprender
CSC: Competencias sociais e cívicas
CSIEE: Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
CD: Competencia dixital
CCEC: Conciencia e expresións culturais

Elementos Transversais:

CL: Comprensión lectora.
EOE: Expresión oral e escrita.
CAV: Comunicación audiovisual.
TIC: Tecnoloxías da información e da comunicación.
EMP: Espírito emprendedor e empresa
ECC: Educación cívica e constitucional:
. IHM: Igualdade entre homes e mulleres.
. PVX: Prevención da violencia de xénero e contra persoas con discapacidade.
. InD: Igualdade e non discriminación por ningún motivo.
. PRPC: Prevención e resolución pacífica de conflitos.
. VAL: Valores de liberdade, xustiza, igualdade e respecto.
. DSMA: Desenvolvemento sostible e coidado do medio ambiente.
. PSEC: Prevención e reacción ante situacións de emerxencia e catástrofes.
. AFDE: Actividade física e dieta equilibrada
. EV: Educación viaria.

5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA

Débase ter en conta a necesidade de traballar coas catro destrezas básicas (escoitar, falar, ler, escribir) dun xeito integrado.

En canto á didáctica concreta da materia de Cultura Lusófona, a programación seguirá as seguintes liñas básicas de actuación:

1. Enfoque comunicativo e sociocultural no ensino do idioma nun contexto pluricultural e plurilingüístico. Partindo de elementos temáticos, gramaticais, funcionais e léxicos, tómase o texto (oral, escrito ou multimedia) como punto de partida.

Dende esta perspectiva, a competencia en comunicación lingüística é a capacidade dunha persoa para comprender e producir os numerosos e variados textos, e para logralo débese ofrecer un abano amplo de actividades interactivas e motivadoras orientadas ao desenvolvemento das destrezas orais e escritas activas, aproveitando a potencialidade lúdica do chamado ensino informal.

2. O proxecto debe poñer especial énfase na **integración do alumnado** que mostre dificultades, tanto a través dunha atención individualizada como mediante a aprendizaxe inclusiva. Trataremos, entón, de desenvolver estruturas cooperativas na aula mediante tarefas grupais.

3. As **TIC** deben ocupar un lugar fundamental como ferramenta de ensino e aprendizaxe da lingua polas súas implicacións metodolóxicas. As TIC permiten o desenvolvemento de habilidades

(procurar, obter e procesar información para transformala en coñecemento), posibilitan a comunicación lingüística e a transmisión de información en diferentes soportes multimedia.

5.1 Estratexias metodolóxicas xerais

-Fomento dun ambiente distendido que permita aos alumnos e alumnas expresarse oralmente sen inhibicións e ir coñecéndose.

-Fomento dos hábitos de traballo e estudo: responder ás actividades e exercicios; comprender a finalidade de cada apartado; utilizar o dicionario; facer clasificacións e resumos; manexar obras de consulta como dicionarios (en papel e dixitais), glosarios e algunha gramática que lles poida axudar a solucionar dúbidas, etc.

-Fomento da aprendizaxe activa e do traballo colaborativo a partir dun clima adecuado de traballo.

-Metodoloxía activa e participativa, de maneira que facilite a aprendizaxe, individual e colectiva, e favoreza a adquisición das competencias básicas.

-Lectura colectiva, en gran grupo, de diferentes lecturas ou textos de distinta tipoloxía.

-Recreación de escenas cotiás de maneira distendida, interpretadas polo alumnado para crear situacións habituais e practicar as diferentes situacións comunicativas.

5.2 Proposta de actividades

As actividades que propoñeremos deberán ter algunha ou varias das seguintes características:

- a) Estar relacionadas co contexto comunicativo no que se desenvolve o alumnado.
- b) Deben sensibilizar cara usos creativos e lúdicos das linguas.
- c) Deben achegar o alumnado ao patrimonio cultural da lingua e cultura portuguesa.
- d) Deben estimular a competencia global para a comunicación lingüística e a transferencia de coñecementos entre as distintas linguas empregadas no centro.
- e) Deben atender á diversidade do alumnado.
- f) Ser motivadoras para alumnado e profesorado.

6.METODOLOXÍA DE TRABALLO NO SUPOSTO DE ENSINO A DISTANCIA

A formación a distancia utilizarase no suposto de corentena da totalidade das persoas que conforman unha aula, das que conforman un nivel educativo completo ou da totalidade das persoas que integran o centro educativo. Alén do anterior, a ensinanza telemática tamén está pensada para o alumnado que parcialmente estea en situación de corentena cando non exista suspensión de actividade presencial no conxunto da aula.

Traballar de forma telemática supón un cambio metodolóxico importante e non son poucos os obstáculos que atoparíamos, tendo en conta que pode haber alumnos que non teñan ordenador ou fogares con dificultades de conexión a internet, sen esquecer os problemas técnicos puntuais que poidan xurdir en calquera momento, tal como aconteceu no terceiro trimestre do curso 2019-2020. Debido ao anterior, o profesorado do departamento procurará ter coñecemento do material do que dispón cada alumno: ordenador, tableta, wifi..., co obxectivo de que non se vexa interrompido o seguimento continuo do curso por parte de ningún rapaz ou rapaza.

O alumnado terá acceso aos contidos, explicacións e tarefas a través da aula virtual en documentos word, libre office e/ou pdf. O correo electrónico, mensaxería, foro e caixa de tarefas da aula virtual

utilizáranse para recibir as actividades realizadas por eles, para logo enviárllelas corrixidas e tamén para solucionar dúbidas sobre a materia, ou incluso dúbidas de carácter técnico, dada a escasa competencia dixital dalgunhas familias.

7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Achegamos unha selección de **materiais de apoio** que empregaremos na aula:

Português XXI . Tavares, Ana. Ed Lidel

Portugalizar. Ramos, Elisabete. Ed Xerais

Gramática Ativa 1. Ed Lidel

Na onda do português. Ed. Lidel

Passaporte para português. Ed. Lidel

Português Atual 1. Ed. Lidel

Dentro dos recursos didácticos a utilizar, basearemos a meirande parte da actividade docente nas TIC. Resulta obvio sinalar a importancia de que as alumnas e alumnos se familiaricen co uso das novas tecnoloxías, pois debido á súa grande utilidade en todos os campos van estar presentes en case calquera ocupación laboral así como na nosa vida cotiá. Nos novos proxectos de ensino xúlgase como imprescindible adaptarse ás novas tecnoloxías, converter os contidos en aulas máis interactivas con animacións, vídeos, simulacións, audicións, que tornan o proceso de aprendizaxe máis construtivo, ou permiten testar e avaliar os coñecementos de forma inmediata e dinámica.

Na rede existen múltiples recursos de apoio á aprendizaxe da lingua portuguesa e que nos permitirán practicar esas destrezas e usar esas ferramentas para a aprendizaxe (páxinas web e blogs principalmente).

Procurarase traballar tamén con vídeos simples, tendo en conta a única hora de docencia á semana. Tamén nos parece importante a utilización da música e de cancións, así como xogos de lingua, tests, etc. Os textos xornalísticos, lidos no computador ou en papel, así como textos literarios breves para un achegamento á cultura e á literatura lusófona.

8. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

Diferenciaremos avaliación de cualificación, non reducindo a primeira á segunda.

Trataremos de empregar, na medida do posible, enfoques cualitativos e personalizados mediante unha observación constante do alumnado. Este será informado desde o principio de curso de como vai ser avaliado.

Observaremos o desenvolvemento das actividades de aprendizaxe como avaliación.

A avaliación será continua e deberá interrelacionar conceptos, procedementos, actitudes e competencias, tanto ao inicio como ao final do proceso de aprendizaxe. Debe ser un proceso con posibilidade de retroalimentación cara á autoavaliación. Valoraremos máis os aspectos positivos que

os negativos e teremos en conta os erros como indicadores útiles do proceso de aprendizaxe.

Empregaranse procedementos e instrumentos axeitados e variados. Entre **os procedementos** encóntranse:

1. Produción escrita e oral de comprensión de textos orais con preguntas tipo test, preguntas dirixidas, de resposta curta.
2. Observación sistemática do/a alumno/a ante as intervencións orais dos demais e do traballo na aula.
3. Observación sistemática do alumnado nas exposicións individuais e/ou en grupo.
4. Proba escrita de comprensión escrita e oral con preguntas test ou de resposta curta.
6. Análise do proceso de elaboración de producións de diferente tipo, tanto individual como en grupo.

Entre **os instrumentos** que se empregarán, presentamos os seguintes:

1. Actividades e exercicios que se realicen ao longo de cada trimestre. Estas actividades realizadas no caderno de clase e/ou en fichas de traballo serán do mesmo tipo que as que se pedirán nas probas escritas.
2. Traballos orais ou escritos que poderán ser dos seguintes tipos:
 - a) Traballos monográficos individuais ou en grupo.
 - b) Traballos de investigación sobre aspectos concretos da cultura lusófona.
3. Probas escritas e orais:

Realizaranse por avaliación ata un máximo de tres probas obxectivas (escritas e/ou orais) relativas á comprensión de textos escritos, á comprensión de textos orais e á expresión escrita, que atenderán principalmente a conceptos e procedementos relacionados coas competencias en comunicación lingüística, social e cívica e a conciencia e expresións culturais (CCL, CSC e CCEC). Sempre que sexa posible, estas probas corrixiranse en clase para que o alumnado participe da súa propia avaliación.

As probas poderán constar de:

- Preguntas de resposta curta e/ou verdadeiro-falso.
- Relacionar conceptos.
- Auto-completar con diferentes tipos de palabras (léxico estudado/ cuestións gramaticais).

Polo que respecta aos **criterios de cualificación**, establécense as seguintes pautas xerais:

a) Comprensión e asimilación de contidos: 50%

- Probas escritas e/ou orais sobre contidos teórico-prácticos vistos durante cada trimestre: gramática, léxico e aspectos socioculturais. Realizaranse ata un máximo de tres probas obxectivas por avaliación.

Se un alumno/a non se presenta ao exame sen achegar unha xustificación en debido prazo e forma, e esta actitude é manifestamente reiterativa, a profesora valorará a pertinencia de realizarlle unha proba individual nunha data que será fixada por ela.

b) Actitude na aula, nivel de progreso e traballo na casa: 10%

- Actitude e implicación na dinámica da aula: interese, atención mantida, esforzo, participación, realización de exercicios.
- Traballo na casa: realización de tarefas, estudo e presentación da libreta.
- Respecto polas normas (profesor, compañeiros, materiais, puntualidade) e actitude cara á materia.
- Traballo en equipo.

Esta puntuación levarase a cabo no caderno da profesora.

c) Realización e exposición de traballos de investigación: 40%

En cada trimestre os alumnos elaborarán traballos (individuais ou en grupo) sobre temas diversos relacionados coa cultura e a historia dos países lusófonos. Presentaranse de maneira escrita e/ou oral, segundo o criterio da profesora.

Para superar cada avaliación deberase acadar un 5 de media. Aquel alumnado que non obteña unha cualificación igual ou superior a 5 puntos na avaliación trimestral pode recuperar a avaliación a través dun boletín de reforzo sobre os contidos traballados que deberá entregar antes de rematar o primeiro mes do seguinte trimestre.

Tras a última proba do **terceiro trimestre**, farase unha recuperación total (a quen teña dúas ou tres avaliacións suspensas) ou parcial (a quen teña só unha) no mes de xuño. A esta proba teranse que achegar os traballos encomendados durante o curso e non realizados, ou outros alternativos.

9. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Unha vez rematado cada trimestre e a avaliación do alumnado, avaliaranse os resultados obtidos. Para avaliar este proceso de ensino e a práctica docente, así como a propia programación, empregaremos os seguintes indicadores de logro:

- Obxectivos.
- Contidos.
- Temporalización.
- Criterios de avaliación.
- Estándares de aprendizaxe.
- Competencias básicas e competencias clave.
- Contidos mínimos esixibles.
- Metodoloxía didáctica.
- Atención á diversidade.

Esta avaliación producirá, se for preciso, modificacións na programación para os seguintes trimestres. Este é un exemplo de rúbrica que empregaremos para medir os indicadores de logro na avaliación do proceso de ensino e a práctica docente e a programación didáctica.

| Programación Indicadores de logro | Escala | | | | Observacións: modificacións e propostas de mellora |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------|---|---|---|----------------------------------------------------|
| | 1 | 2 | 3 | 4 | |
| 1. Diseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos bloques de contido do currículo? | | | | | |
| 2. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización? | | | | | |
| 3. Fixáronse e tivéronse en conta os graos mínimos de consecución de cada estándar para superar a materia? | | | | | |
| 4. Aplicáronse os procedementos e instrumentos de avaliación programados e axustáronse aos criterios de cualificación. | | | | | |
| 5. Desenvolvéronse progresivamente os temas transversais? | | | | | |
| 6. Aplicouse a metodoloxía didáctica programada? | | | | | |
| 7. Aplicáronse, na medida do posible, as medidas de atención á diversidade necesarias? | | | | | |
| 8. Aplicáronse medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe? | | | | | |
| 9. Empregáronse os materiais e recursos didácticos programados? | | | | | |
| 10. Diseñouse un plan de avaliación inicial? | | | | | |
| 11. Leváronse a cabo as actividades complementares e extraescolares programadas? | | | | | |
| 12. Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso? | | | | | |
| 13. Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia? | | | | | |

10. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE Poidan ADOPTAR EN CONSECUCIÓN DOS SEUS RESULTADOS

Ao comezo de cada curso, e coa finalidade de adecuar o ensino da materia ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe, realizaremos unha avaliación inicial que será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

A avaliación inicial constitúe o factor preventivo por excelencia na atención á diversidade en xeral, e na atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, en particular.

Hai que salientar que a materia de *Cultura Lusófona* é nova para todo o alumnado e non foi cursada con anterioridade en ningunha das etapas. Isto quere dicir que a avaliación inicial vai máis encamiñada en coñecer o grao de interese do alumnado e non tanto nas súas competencias.

Para a realización da avaliación inicial poderanse empregar os seguintes procedementos e probas:

- Cuestionarios de actitudes e intereses.
- Apreciación da capacidade de comprensión lectora dun texto sinxelo.
- Valoración da capacidade para relacionar os coñecementos da lingua portuguesa coa lingua galega.

Ademais deberanse analizar os informes finais individualizados do alumnado do curso precedente e aquela información obtida a través da persoa titora e do profesorado que impartiu materias, nomeadamente lingüísticas, no curso anterior e especialmente a comunicada polo Departamento de Orientación sobre alumnado con dificultades de aprendizaxe.

11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Ao comezo do curso académico, e tendo en conta a observación na aula, a avaliación inicial e os informes e o expediente académico de cada alumno/a, o Departamento de Orientación, xunto co profesorado titor e a Xunta de Avaliación, propondrá a listaxe do alumnado con necesidades específicas de apoio e as medidas concretas de atención individualizada que precisen.

Por unha banda, cada departamento deseñará as actividades de reforzo para aqueles alumnos e alumnas cuxo proceso de aprendizaxe non sexa o axeitado ao curso e á súa idade. Tamén se poñerán en práctica actividades de ampliación para o alumnado cuxo proceso de aprendizaxe sexa máis rápido do normal no curso. Esta é unha medida de atención que se aplica no propio grupo.

Para o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, estableceranse as medidas curriculares e organizativas necesarias co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas.

Entre as medidas de atención á diversidade que se poden levar a cabo dentro da aula, estableceremos as seguintes:

- Emprego de tempos diferenciados e máis flexibles para a realización das tarefas.

- Uso de materiais de apoio e recursos didácticos máis motivadores.
- Traballo colaborativo en grupos heteroxéneos e aprendizaxe entre iguais.
- Adaptación dos tempos e/ou os instrumentos de avaliación.
- Programación de medidas de reforzo, co apoio na aula da profesora de Pedagogía Terapéutica.

12. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO

Non podemos esquecer que toda lingua é un vehículo de transmisión cultural e que o seu coñecemento favorece a tolerancia e o respecto por outras culturas, aceptando a diversidade de valores e superando prexuízos.

A través do ensino do portugués procúrase que o alumnado identifique e valore positivamente os principais costumes e trazos da vida cotiá propios dos países e culturas onde se fala e que os poidan comparar evitando sempre os estereotipos e as actitudes negativas e despectivas que moitas veces se transmiten desde a familia, a escola ou os medios de comunicación.

Os elementos transversais estarán presentes na nosa materia, sempre adaptados ao nivel, mediante un uso non discriminatorio da lingua con criterios ligados á linguaxe non sexista. Desta maneira, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

Os elementos transversais a traballar en todos os niveis son os seguintes:

1. Educación cívica, elemento transversal de referencia en torno ao que xiran os demais temas transversais e que serve para analizar criticamente a realidade cotiá e as formas sociais máis xustas e axeitadas para a convivencia coa finalidade de formar hábitos que reforcen os valores de xustiza, solidariedade, cooperación e/ou respecto pola natureza.

2. A Educación para a igualdade ten como finalidade fomentar o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

3. A Educación para a paz promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

4. Educación para a prevención da violencia. A programación docente debe abranguer en todo caso a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia.

5. Educación para a igualdade de sexos. Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de

xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

6. A Educación emprendedora persegue fomentar as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

7.Educación e seguridade viaria. Promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecte as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

8.Educación do consumidor para pór en práctica os dereitos e obrigas como consumidor responsable, valorando criticamente o impacto da sociedade de consumo sobre o medio.

13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS

Temos previsto conmemorar o *25 de abril ‘Dia da Liberdade’* con diferentes actividades de divulgación do que supuxo esa data para o pobo portugués en particular e para a democracia en xeral.

De permitilo as circunstancias sanitarias, cabería a posibilidade de deseñar, para a primavera, unha excursión de un día a unha localidade portuguesa próxima, previsiblemente Valença. Despois de visitar a Fortaleza percorreriamos parte da senda que discorre a carón do Miño en dirección a Monção.

14. MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Realizaremos a revisión da programación didáctica da seguinte maneira:

A principio de curso, a avaliación inicial ofrecerá datos para modificar os aspectos da programación que se consideren oportunos co obxecto de axustarse á realidade do alumnado co que se traballará.

Nos informes mensuais e/ou trimestrais do Departamento incluírase un punto sobre o seguimento e grao de cumprimento da programación didáctica, verificándose se se están impartindo os contidos programados e se a temporalización é a adecuada. De non ser así, analizaranse as causas e faranse as correccións pertinentes.

Cada trimestre, despois de coñecermos os resultados do alumnado e como estes se concretan nas cualificacións, será o momento de facer unha valoración do desenvolvemento da programación e planificar as accións educativas que se consideren oportunas, co obxectivo de atender de maneira especial os aspectos en que o alumnado presente maiores dificultades.

Revisarase se a metodoloxía é eficaz para acadar os obxectivos e se nos procedementos e instrumentos de avaliación utilizados é necesario introducir algunha modificación. Teremos tamén

en conta se as medidas e as actividades de reforzo adoptadas para atender a diversidade son as adecuadas.

A final de curso, avaliaremos a programación didáctica. Para esta avaliación teremos en conta, en primeiro lugar, o grao de cumprimento da propia programación. En segundo lugar, valoraranse os resultados da avaliación final ordinaria do alumnado. Deste proceso extraeranse as propostas de modificación e mellora para a programación didáctica do vindeiro curso.

Potenciaranse os aspectos que ofrezan mellores resultados e maior satisfacción, ao mesmo tempo que se atenderán especialmente os aspectos en que o alumnado presente maiores carencias ou dificultades.

O resultado desta avaliación reflectirase na memoria final de curso.

Vilaboa, 15 de setembro de 2022